

O ESPIGONCIÑO



Sara Peinó Armada 4ªA

O ESPIGONCIÑO

Neste Espigonciño falaremos do Nadal, das casas de Cariño, o noso pobo. Normalmente, cómese turrón. É unha época que se pasa en familia. En moitos lugares neva, pero nós en Cariño non temos neve habitualmente; só nevou hai moitos anos unha vez.

Nas casas do noso pobo, na igrexa, no concello e noutros moitos lugares póñense beléns e, nalgúns casos, unha árbore de Nadal. A árbore decórase con bólas de cores, luces e unhas cintas moi bonitas.

Este ano no colexio os alumnos e alumnas de 6º cantaremos panxoliñas e cancións de Nadal aos nenos e nenas de infantil, 2º e 1º.

Bo Nadal!

Paula e Érica 6ºB

Ola, moi boas!

Este é o noso último ano no colexio, e polo tanto o noso último Espigonciño de Nadal, espero que sexa xenial! Imos esforzarnos moito!

Tamén foi o noso último Magosto, picamos castañas, foi estupendo!

Somos moi bos, imos ir ao instituto coa cabeza ben erguida.

Bo ano e feliz Nadal!

Bicos

Manuel 6ºA

Bos días rapaces e rapazas!

Xa se achega o Nadal, unha festa moi familiar onde montamos o árbol para que Papa Noel e os Reis Magos poñan os agasallos debaixo, todos o pasamos xenial!

Pero non esquezades tamén aos nenos e nenas pobres, orfos....que non teñen familia nin agasallos, para eles non é unha festa bonita.

Feliz Nadal, que vos traian moitos agasallos!

Ata logo!

Erica 6ºA





SUMARIO

Presentámonos	5
Investigando “Paul Klee”	10
Proxecto: “Ordeando as emocións”	13
Proxecto: “Caras vitaminadas”	16
Proxecto: “Auga na natureza”	18
O que nos da medo	20
Proxecto: “o medo”	21
O Nadal polo mundo	28
Entrevista: Miguel Alonso, alcalde de Cariño	32
Semana da tradición: “Sabores de outono”	35
Semana da tradición: “Remexendo no pasado”	38
Semana da tradición: “Xogos tradicionais”	45
Semana da tradición: “Magosto”	46
Biblioteca	48
Visitas	50
Obradoiro	51
Pasatempos	52







Feliz ano 2016




PAULA
5º curso A



Paula 



✓ 
CONTAMOS CONTOS



o r $\frac{1}{2}$
MEDIMONOS




NA CLASE



R





O P H =
TRABALLANDO



NO PATIO
L A



1001
SAMAIN



3





Alumnas e alumnos
Infantil 3 anos





Investigando...

PAUL KLEE

DESCUBRINDO A PAUL KLEE.



ESTE ANO TRABALLAMOS NA

CLASE UN PINTOR NOVO

CHÁMASE PAUL KLEE.



NACEU EN SUÍZA E AINDA QUE

IA PARA MÚSICO

FITOSE PINTOR.





PINTOU MOLTO CAOS,
A NOSUTROS COMO SE VE
NA FOTODU DE "BAILANDO
CON MIEDO" O QUE



A MAIS VOUS GUSTOU

FOI ESSE.






AINDA QUE TAMÉN
FIXEMOS O DE
SERVICIO.



QUEDÁROMOS MOI BONITOS.



Alumnas e alumnos
Infantil 4 anos





Proxecto

"ORDEANDO AS EMOCIONS"

ESTE ANO OS GATIÑOS E AS GATIÑAS
EMPEZAMOS O CURSO TRABALLANDO
AS EMOCIONS PARTINDO DO CONTO
"O MONSTRO DAS CORES"
O MONSTRO ESTABA FEITO UN LÍO
E TIVEMOS QUE AXUDARLLE A SEPARAR
AS EMOCIONS E MÉTER CADA UNHA NUN
BOTE




EMPEZAMOS COA COR AMARELA QUE RE-
PRESENTA A ALEGRÍA





SEGUIMOS CO AZUL QUE O RELACIONABA
COA TRISTEZA



CANDO O MONSTRO ESTABA VERMELLO O
ENFADO ESTABA PRESENTE



SE O MONSTRO ESTABA VERDE QUERÍA DICIR
QUE TIÑA CALMA E CANDO O CONSEGUÍAMOS,
NA NOSA CLASE, VISITÁBANOS O MONSTRO





CO NEGRO O MONSTRO
SENTÍA MEDO



E A ÚLTIMA COR EN APARECER
FOI O ROSA, AMOSANDO O AMOR
QUE SENTÍA POLA SÚA AMIGA



COMO NOS GUSTOU TANTO TRABALLAR AS
EMOCIONS FIXEMOS UN EMOCIÓMETRO
E AGORA CADA NENO E NENA CAM-
BIA A SÚA PINZA SEGUNDO COMO
SE SINTA



AS NENAS E NENOS
DE 5 ANOS

6º ED. INFANTIL

Alumnas e alumnos
Infantil 5 anos





Proxecto.

CARAS VITAMINADAS

Na clase de Ciencias da Natureza estamos traballando os alimentos. E a semana pasada foi a semana do consumo de froitas no colexio: unha froita cada día.



luns



martes



mércores




xoves



venres



Vimos uns cadros dun pintor que se chama ARCIMBOLDO. Pintaba caras moi raras (hai 400 anos), feitas con verduras e froitas.




Nós, tamén recortamos moitas froitas e verduras e fixemos as nosas propias caras.



Así quedaron...



Clase de de 1º A





Proxecto.

A AUGA NA NATUREZA



Os rapaces e rapazas de segundo elaboraron un pequeno proxecto relacionado do ciclo da auga.

Velaquí unha pequena mostra dos traballos realizados.



Tamén traballamos en equipo.
Construímos unha maqueta e decorámola todos xuntos.





Traballar en equipo non é doado. Temos que axudarnos os uns aos outros para lograr as nosas metas.



Tamén aprendimos que a auga potable é moi escasa e debemos coidala e non malgastala.

Foi unha experiencia moi divertida!


Alumnas e alumnos de 2º





O que nos da MEDO...!

Eu téñolle medo ás serpes porque traban e asustan.



A min asústame os ollos verdes na escuridade porque son moi escalofrantes.



Danme medo as arañas, as cobras e os morcegos. Pero as que máis me asustan de verdade son as arañas porque son feas e traban.

Danme terror as serpes porque temo que me podan matar co seu veneno.


O que de verdade me asustan son os xabarís, porque se che dan cos cornos e poden facerche moito dano.



A min dáme medo o meu irmán maior porque méteme unha "leites"...!

Eu téñolle medo ao meu irmán porque me pega moito.

Teño medo que me asusten polas costas. Non sei quen está detrás miña, se é alguén da miña familia ou amigo, o polo contrario se é un inimigo.



Dáme medo de que chegue o ébola a Galicia, porque vin na tele o desta enfermidade e teño medo de contaxiarme.

Eu asústome coa mar. Se me leva a marea, pérdome no mar e pode atacarme un tiburón famento.

Asústome cando se vai a luz. Iso é porque non son capaz de ver nada.

Dáme medo Nigtmare Freddy porque ten os dentes afiadaos e ten garras.



A min dáme medo a escuridade porque non podo ver o que teño arredor.

Asústame os disfraces de monstros, sobre todo cando se agochan e me dan susto.

Danme medo os morcegos e as serpes. As serpes poden ser venenosas, e podo morrer se me traban. Os morcegos poden chuparme todo o sangue.



Eu téñolle medo aos Fredies porque te matan. Os Fredies son robots dun xogo e poden facerse reais.

Asústame as pantasma, porque cando apago a luz teño medo de que veñan.

Danme medo os chupacabras e as serpes. Non me gustan os chupacabras porque son uns monstros moi feos.



A min danme medo as arañas porque che traban e nunca sabes cando aparecen.





Proxecto:



"O MEDO".

➤ Que é para ti o medo?



➤ A que lle tes medo? Marca unha opción ou escribea:

- | | |
|---|--|
| <input type="checkbox"/> As películas de terror/intriga | <input type="checkbox"/> A cousas relacionadas coa morte |
| <input type="checkbox"/> A lecturas terroríficas | <input type="checkbox"/> A pantasmas |
| <input type="checkbox"/> A pensamentos/ imaxinacións | <input type="checkbox"/> A cabazas horripilantes |
| <input type="checkbox"/> A música tenebrosa | <input type="checkbox"/> A meigas, sapos, bruxas e curuxas |
| <input type="checkbox"/> A imaxes de terror | <input type="checkbox"/> A animais: serpes, tarántulas, arañas, morcegos, gatos negros, animais feroces, insectos... |
| <input type="checkbox"/> Outros: _____ | |

➤ Por que lle tes medo?


➤ PÓCEMA PARA ESCORRENTAR OS NOSOS MEDOS:

-Ingredientes:

- Preparación:




Alumnas e alumnos de 4º



➤ Xestos de medo:

Mira esta cara; é unha persoa que ten moito medo! Serías capaz de poñerlles expresións de medo ás seguintes imaxes?




➤ Sabes dalgún libro que nos de moito medo? Cal?

➤ E algunha película?


➤ Conta unha anécdota que che dira moito medo:

➤ Debuxa a escena:





➤ ANALIZAMOS UNHA OBRA DE ARTE:




➤ Sabes como se chama este cadro?

➤ Por quen foi pintado?

➤ Que che suxire o cadro?


➤ Investiga un pouco sobre o autor: (Podes buscar en Internet, por exemplo: https://gl.wikipedia.org/wiki/Edvard_Munch, <http://www.mundoprimary.com/arte-primaria-mochila/el-grito-mas-famoso-del-arte.html> ou na Biblioteca do colexio, en libros de arte)

➤ Debuxa ti unha obra cun personaxe con medo:





- AS NOSAS OBRAS MEDOSAS:
- Pinta o cadro de Munch e inserta a túa foto no medio, en vez da cara orixinal:





➤ *Serás capaz de recoñecelos?*





LECTURAS DE MEDO...



➤ AS ORIXES DO SAMAÍN:

A noite do 31 de outubro comezaba o aninovo celta, como aínda se celebra na illa de Man. Nesta noite as ánimas dos finados voltan visitar ás súas familias e ás súas vellas casas para quentárense a carón do lume e comer dos alimentos que con agarimo lles teñen preparados os parentes. O cristianismo, adoptando o aninovo dos celtas e a súa festa á honra dos mortos, designaría o primeiro de novembro como Día de Todos os Santos, e no século XII, o día seguinte, estableceríao como Día dos Defuntos.

➤ LENDAS DE CABAZAS:

Chega o outono. Tempo de castañas, noces, vento, follas secas e días escuros. É o tempo de recoller o maínzo e as cabazas. É tamén o tempo en que a rapazada fai as caveiras na cortiza das cabazas, seguindo unha antiga tradición dos tempos dos celtas.

Os celtas foron uns antigos habitantes de Galicia. Un dos seus costumes era poñer unha luz acesa dentro das caveiras dos inimigos mortos. Xa hai moitos séculos que tal costume se perdeu, máis hoxe en día aínda fica a tradición de tallar unha caveira na cortiza dos melóns e poñer no seu interior unha candea que escintile pola noite.

Os celtas tiñan un grande respecto polos mortos. Nas súas caveiras poñían unha candea para que, ao escintilar pola noite, puxera medo no corazón da xente. Tal cousa facíana ao chegar os tempos escuros do ano, que ao andar o tempo, foise transformando na festa dos defuntos.

Hoxe en día xa non se practican tales crenzas, mais ao longo do tempo mantívose unha costume derivada destas: talar caveiras na cortiza das cabazas e alumealas cunha candea no seu interior.

DÍA DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES

Para conmemorar o Día das Bibliotecas escolares, no mes de outubro o alumnado de 4º representou no salón de actos a obra adaptada do libro "CORRE, CORRE CABACIÑA" para os/as nenos/as de Educación Infantil e 1º.



Para finalizar, vimos e cantamos cun video musicado relativo ao conto!



Personaxes participantes:

Narradora: Sara, o presentador coa claqueta: Eric, a avoiña/cabaza: Sandra, a noiva: Carme, o noivo: Javier, a madriña: Olalla, o padrino: Lucas, o carteiro: Jose, o lobo: Martina, o oso: David V., o león: Carlos, os invitados da voda: Claudia, Nicolás, Ángel, David M., Yeray, Iker M. e Rubén.

Nadal

O NADAL POLO MUNDO



Holanda
Romanía
Canadá
México
Chile



Sudáfrica
Israel
China
Australia
España

O NADAL EN **Holanda**

En Holanda celebran o Nadal principalmente os días 25 e 26 de decembro. Poñen árbores de Nadal dentro das casas, pero tamén fóra nos xardíns e patios. Son moi tradicionais os mercadillos con cousas e comidas típicas de Nadal. Hai que saír da casa abrigados porque as datas coínciden en inverno. A comida de Nadal fundamentalmente consiste en coello con col lombarda, pavo recheo con puré de castañas e de sobremesa as "spekulaas", que son unhas galletas con sabor a canela. Os agasallos aos nenos e nenas holandeses tráellos "Sinterklaas", que vén desde as terras cálidas españolas. A fin de ano e Aninovo celébrano en familia brindando e comendo os "oleibollen", que son uns buñuelos grandes con pasas e espolvoreadas de azucre.

Dani - Alba - Marcos (3ºA)



Sinterklaas

Xantar de Nadal
 con sarmole e cozonac



O NADAL EN **Romanía**

En Romanía é típico que os nenos e nenas vaían de casa en casa cantando panxoliñas, recitando poesías e lendas. Desa forma reciben agasallos como roscas caseiras, noces, froita confitada e, algunhas veces algo de diñeiro. No Nadal e en Noiteboa comen "sarmole", "piltie" e "táboa", feitos fundamentalmente con carne de porco. De postre toman "cozonac", que é un pan doce con noces. Nadal coíncide a principios de inverno e hai que ir abrigados; nalgúns partes do país acostuma a estar nevado. Aos nenos e nenas romaneses tráenlles agasallos Papá Noel o 24 de decembro, e San Nicolás trae agasallos o 6 de xaneiro. En fin de ano en zonas de campo é tradicional que os mozos saquen á rúa un arado, e cantan para pedir por unha boa colleita. É tradicional tamén ir á misa en familia.

Eric - Sara (3ºA)



O NADAL EN

Canadá

En Canadá hai diversas tradicións de Nadal como os "belsnickers"- "Mummers" ou enmascarados que saen á rúa con campás facendo moito ruído e buscan que lles dean doces.

Como é inverno e case todo o país está nevado, hai que saír á rúa moi abrigados.

Na cena de Noiteboa e na comida de Nadal é típico o pastel de carne de porco e as "boulettes", que son pequenas albóndigas, tamén o pavo asado con verduras e salsas; o postre tradicional é o pudín de nadal con brandy.

Os agasallos traénonos Papá Noel o día de Nadal pola mañá.

Fin de ano celébrano con festas, foguetes artificiais e é tradicional dar bicos á persoa ou persoas amadas cando o reloxo dá as 12 da noite. En Aninovo é tradición darse un chapuzón en augas frías de lagos ou ríos.

Yeray - Zoe (3ºA)



Os Mummers (enmascarados)



As "posadas"

O NADAL EN

México

En México son tradicionais "as posadas" desde o 16 de decembro, a xente vai pola rúa con candeas e cantando panxoliñas. En Noiteboa e no Nadal cean e comen en familia; tamén é costume ter unha piñata para abri-la pegándolle cun pau cos ollos pechados.

Unha comida típica destas datas é a carne mechada, tamales e atoles.

Estas datas coinciden en inverno, pero en moitas partes do país non vai demasiado frío.

En fin de ano comen uvas e saen á rúa con maletas para celebralo cos veciños e amigos e piden ao ano novo viaxes, aventuras e boa sorte.

Os agasallos os traen os Reis Magos o 6 de xaneiro.

Anxo - Laura (3ºA)



O velliño pascuero

O NADAL EN

Chile

En Chile adornan as casas e as rúas coas árbores de Pascua e os pesebres.

O día de Noiteboa é tradición antes de cear en familia, asistir á "Misa do Galo". (ás 18 horas)

Os platos típicos destas datas son o pavo, o polo asado, pan de pascua e unha bebida tradicional chamada "cola de mono".

Os agasallos tráenonos o "Velliño Pascuero" (Papá Noel)

Como o Nadal coincide en verán e vai bastante calor, as comidas do día do 25 de decembro, acostúmanse a facer ao aire libre, no campo ou nos xardíns.

Fin de ano celébrano con foguetes artificiais, botan doce cando o reloxo marca o paso do novo ano. Fan festas populares nas rúas e prazas de todo o país.

Carmen - David (3ºA)



O NADAL EN

Sudáfrica

En Sudáfrica no Nadal poñen unha árbore con adornos africanos; moitas veces esa árbore está feita de arames.
Comen en familia platos como pavo ou lechón con arroz amarelo e con pasas e verduras; de postre é típico a pudín de ciruela.
Como é verán e vai bo tempo saen á rúa nas celebracións.
Os agasallos os trae Papá Noel o 25 de decembro.
En fin de ano fan soar as campás das igrexas, botan foguetes artificiais e saen disfrazados ás rúas.

Naiara - Luis (3ºA)



Árbore de Nadal africano



Igrexa da Natividade (Belén)

O NADAL EN

Israel

En Israel a maior parte da poboación é xudea ou musulmana. Hai moi poucos cristiáns. Os xudeos celebran en decembro o "Januká", os nenos e nenas reciben agasallos dos seus familiares.
Sen embargo, os cristiáns de Israel e moitos que veñen de todas as partes do mundo, celebran en Belén estas festas de Nadal de maneira máis relixiosa e menos comercial que noutras partes do mundo. A misa do Galo celébrase na igrexa da Natividade. O día 25 de decembro celébranse oficios relixiosos na praza do pesebre. Noutra cidade onde se celebra o Nadal, porque é onde vive a maior parte da poboación cristiá, é Nazaret.
Coinciden estas datas en inverno e vai frío.
Para os xudeos o Aninovo, ou comezo do ano segundo o calendario hebreo sucede en outubro: "Rosh Hashaná".

Leo - Kiara (3ºA)

O NADAL EN

China

En China hai moi poucos cristiáns e non entenden o Nadal e a Noiteboa coma nós. Celébrana copiando os costumes importados doutros países.
Sobre todo a xente xoven e de zonas urbanas son os que saen no Nadal para celebrala comendo pizza ou en restaurantes de comida occidental.
O Nadal coincide en inverno e teñen que saír á rúa abrigados.
Trae agasallos o "Shengdan Laoren" ou Vello do Nadal (Papá Noel).
A festa por excelencia en China é o Aninovo, pero non a celebran cando a celebramos nós. Non ten data fixa porque se celebra co comezo do ano lunar. (finais xaneiro-principios febreiro)
Decóranse rúas e casas con farois e lámpadas; botan foguetes artificiais, comen o "tang yuan" e o "jiozi", fan a danza do "Dragón" para ecorrentar os malos espíritos...

Iván - Álex (3ºA)



Aninovo en China
Festival dos Farois



Papá Noel nas
praias australianas



O NADAL EN

Australia

En Australia é verán e vai moita calor cando no mes de decembro celebran o Nadal. É tradición poñer como árbore de Nadal ao "Bush", que é unha árbore que ten as follas algo vermellas. Pasan o día de Nadal na praia ou de pícnic. Os pratos típicos son o pavo, o xamón asado e o pudín de ciruelas; nese pudín é tradicional meter unha pebida de ouro, din que aquel que atope a pebida terá boa sorte todo o ano. Os agasallos tráenos Santa Claus, que acostuma a chegar á praia en tabla de surf. Fin de ano e Aninovo é de especial significado porque son dos primeiros de todo o mundo en celebrar a chegada do novo ano. Na cidade de Sidney é onde ten lugar un gran espectáculo de pirotecnia. Hai festas ao aire libre por todo o país.


Antonio - Alejandro (3ºA)

O NADAL EN

España

En España as festas de Nadal coinciden en inverno e acostuma a ir frío. A Noiteboa e o Nadal celébranse en familia. A comida típica de Nadal é un primeiro plato de marisco ou peixe, un segundo plato de carne e os postres tradicionais como o mazapán e o turrón. As casas adórnanse con árbores e beléns. En fin de ano celébrase con festas en familia e con amigos, á media noite coas últimas campanadas tomamos doce uvas e se piden desexos para o ano novo. Os agasallos aos nenos e nenas os traen os Reis Magos o 6 de xaneiro. O 5 de xaneiro por todo o país se celebra a chegada dos Reis Magos con cabalgatas.

Alumnos 3º A




Fin de ano



BO NADAL! FELIZ ANINOVO!

Alumnas e alumnos de 3º





Entrevista

MIGUEL ALONSO ALCALDE DE CARIÑO

En representación de todos os compañeiros de 6º, un grupiño de rapaces procedeu a facerlle unha entrevista ao Alcalde de Cariño, Miguel Alonso Pumar, quen, moi amablemente, accedeu á mesma, recibíndonos no Concello unha tarde de decembro. As preguntas do cuestionario, como noutras ocasións, foron elaboradas polas nenas e os nenos e proceden, única e exclusivamente, da súa iniciativa, das súas inquedanzas e do seu afán de saber. Evitáronse, obviamente, as duplicadas. Este é o resultado da entrevista.



Poderías darnos os datos máis importantes da túa biografía?

Nacín en Cariño no ano 1976. Estudiei EXB no Colexio "Manuel Fraga Iribarne" e logo fixen a Secundaria no IES "Cabo Ortegal", no edificio da Basteira, hoxe desaparecido. Logo marchei para a Universidade de Santiago, onde me licencié en Psicoloxía. Rematei e fixen un máster para Dirección de Centros Xeriatricos, así como un programa de doutorado no que participaban varias universidades europeas (Estocolmo, Wüzburg e UNED).

Por que quixeches ser alcalde?

Por varias razóns. A primeira, por intentar axudar na miña vila, hoxe nunha situación de crise severa que nos está afectando moito, e tratando así de poñer o meu gran de area. O PSOE, o meu partido, tiña que

propoñer un candidato para as eleccións municipais e os compañeiros pensaron en min e propuxéronme.

Cantos anos tiñas cando o decidiches?

Tiña trinta e oito. Faltábanme incluso algúns días para cumprilos. O ano pasado, polo san Bartolo, adoptouse a decisión e mantívemola en secreto ata o Nadal, en que a fixemos pública.,

Que lle pareceu a túa muller e ao teu fillo que sexas alcalde?

Cando me chegou a proposta dos meus compañeiros puxen como condición a de falalo coa familia e, aínda sabendo que lles ía roubar tempo, animáronme a seguir adiante.





Algunha vez, cando eras máis pequeno, pensabas en ser alcalde dalgún pobo ou cidade?

Nunca. Pero si tiña preocupación polo que pasaba no meu pobo. Lembro con moita ledicia o día da segregación. Outro motivo que me axudou é a vella amizade que manteño con Lois Armada, fillo de Luis, que foi alcalde e, con anterioridade, figura destacada na loita pola segregación.

Habitualmente tes que facer moito traballo?

Si. O Concello é máis absorbente do que a xente cre. Pero, como di o refrán, "sarna con gusto non pica". O certo é que se se queren sacar as cousas adiante hai que botarlle tempo.

Por que cres que a xente te votou para que foras alcalde do noso pobo?

Supoño que creron que ofrecíamos o programa electoral máis axeitado ás circunstancias. Non creo que teña moito que ver coa persoa, a pesares de que se di que nas municipais vótase ás persoas. Creo que a razón principal foi o programa e o grupo.

Tes pensado algunha cousa para os nenos da nosa idade, que non temos ningún sitio onde xogar, no inverno ou cando chove?

Esa é unha boa pregunta. Hai que facer reformas no pavillón e temos un proxecto importante: unha ludoteca. Mais a curto prazo imos ampliar o parque e mellorar os deteriorados.

Como en Cariño non hai cine, os sábados puxeron películas na Casa da Cultura. Pódese seguir facendo?

Sí, vaise seguir facendo. Consequimos que o Concello de Cariño entrase na rede AGADIC e vai haber ciclos de cine no

tempo lectivo, de outono á primavera.

No teu programa electoral, díciase que ías facer un ximnasio ao lado da piscina. Cres que estará feito nesta lexislatura?

É un tema complicado. Creo que sí, aínda que nos atopamos cunha situación que non esperabamos; xa que o ximnasio privado non se pecha, traspásase. Pero pensamos que a piscina ten que ter un ximnasio, xa que as dúas actividades se retroalimentan.

Tes algunha idea para que a xente nova se poida quedar en Cariño e non teña que buscar traballo fóra?

Ese é o principal obxectivo que temos pero non é fácil. Cremos que hai recursos para conseguilo. Fomentar o cooperativismo debe axudar e temos sectores aos que lles podería ir ben: mazás, conservas... Trátase de buscar menos o beneficio empresarial e socializar as ganancias nos traballadores.

Vas poñer as luces e a árbore de Nadal?

Sí, sen dúbida. Na fin de semana da Constitución empezaremos a instalar o alumeado municipal. Tamén imos facer unha mellor cabalgata de Reis.

Que proxectos tes para Sismundi?

A metade da miña familia é de Sismundi. A miña nai é de Sismundi. Temos varios proxectos, un é o Centro Social que está a facer un arquitecto de Cariño (Bernardo Santiago). Tamén unha depuradora e un parque para maiores e nenos.

Que medidas vades tomar para crear traballo en Cariño?

Varias. A primeira facilitar formación e cursos en cooperativismo, rebaixar os impostos a novas empresas en función do número de postos creados e crear un





fondo de microcréditos para emprendedores a interés 0.

Vaise solucionar o problema da contaminación da auga da praia da Concha no verán?

Agardamos que sí. Acabamos de facer unha limpeza a fondo dos colectores. Coordinámonos con Augas de Galicia que é quen controla a depuradora xa que os verquidos prodúcense como consecuencia do rebose.

Cres que abrirá algunha industria nova en Cariño?

Espero que sí. Sempre fomos un pobo emprendedor e temos un porto moi bo que pode axudar. Algo que non teñen outros pobos da comarca.

Gústache a experiencia de ser alcalde? Estás contento co traballo que fas ou estás decepcionado?

Sí me gusta pero é moi absorbente. Creo que este traballo se non che gusta pode ser unha penitencia. De todas formas hai moitos veciños que axudan a que se leve ben. Sempre se fala de que se critica moito, pero non todo son críticas. Hai moita xente que axuda.

Que lembranzas téis de cando eras alumno do Colexio?

Moi boas. Cambiou moito. Unha das cousas que recordo con máis ledicia ten que ver con estas datas: a preparación das obras de teatro. Pasabámolo moi ben. Lembro moitos amigos cos que nos atopamos nas festas, xa que algúns xa non viven aquí. O ben que o pasabamos no patio, ao conserxe. Tamén estudiabamos, pero había tempo para todo




En Cariño hai moita xente maior, cando tedes pensado abrir o centro de día ou a residencia de anciáns?

Como diría eu? É reto máis grande que temos en servizos sociais. O edificio está envolto nun proceso xurídico que estamos tratando de desenmarañar. A empresa deu quebra e está en proceso concursal.

Moitas grazas, Xosé Miguel, e moitos éxitos na túa xestión.

**Elaboraron o cuestionario:
Alumnas e alumnos de 6º Nivel**

**Fixeron a entrevista: Lucía Ferro,
Paula Varela, Lucía del Río
e Lara López**





Semana da tradición.

SABORES DE OUTONO

Este ano no colexio celebramos a Semana da Tradición, do 10 ao 14 de novembro e entre as actividades programadas propuxemos ao alumnado que coa axuda da familia nos trouxera receitas elaboradas con produtos de outono. De todo o material recollido, escollemos uns cantos pratos e sobremesas que a continuación vos expoñemos para que comprobades a riqueza culinaria que temos en Galicia. Bo proveito!!

CALDO DE CASTAÑAS



Ingredientes:

- Un quilo e medio de castañas
- Unha cebola
- Un dente de allo
- Catro culleradas de cebola moi picadiña
- Unha culleradiña de vinagre
- Un vaso de aceite
- Un anaco de touciño
- Media orella de porco
- Sal
- Auga.

Preparación

Pélanse as castañas e cócense con auga e sal (só un fervor).

Escóanse e en abundante auga limpa pónese a cebola enteira, o dente de allo, o anaco de touciño , a orella e as castañas peladas.

Déixase cocer durante unhas horas e bótaselles un refrito co aceite, a cebola picada e unhas gotas de vinagre.

CROQUETAS DE COGOMELOS



Ingredientes:

- 200 g de cogomelos.
- 50 g de aceite.
- 170 g de fariña.
- 800 g de leite e sal
- 30 g de cebola,

Autor: Álvaro 1ºB

Preparación:

- 1) Poñemos os cogomelos nunha tixola con 20 g de aceite. Reservámoslos.
- 2) Na tixola poñemos 30 g de aceite, a manteiga e fritimos tres minutos.
- 3) Engadimos a fariña e friximos tres minutos.
- 4) Posteriormente poñemos o leite e o sal e mesturamos todo co batedor.
- 5) Agregamos os cogomelos e facemos a bechamel.
- 6) Deixamos arrefriar e facemos as croquetas envolvéndolas co ovo e o pan.



FLAN DE CASTAÑAS DE GALICIA



Ingredientes:

- Medio quilo de castañas
- Tres cuartos de litro de leite
- Catro ovos
- 100 g de azucre
- 100 g de manteiga
- Vainilla

Autor: Alex Mendoza 2ªA

Preparación:

Cocemos as castañas, xa peladas, co leite a vainilla e a manteiga.

Despois colocámolas nun recipiente e incorporamos os ovos.

Batemus toda a mestura ata conseguir unha pasta fina.

Usamos un molde caramelizado con azucre e metémolo no forno durante trinta minutos.

CHULAS DE CABAZA E PATACAS



Ingredientes:

- Un quilo de cabaza
- 200 g de pataca
- 100 g de fariña
- 100gde manteiga
- 100 g de azucre
- dous dl de tona líquida
- 4 ovos
- 1 dl de licor de mazá

Autor: Lucas 4ªA

Preparación:

Cócese ben a cabaza e as patacas en auga; logo escóanse.

Pásanse a puré, engádesse o azucre, a fariña, a manteiga, o licor, as xemas de ovo, a tona batida e as claras a punto de neve.

Con todo faise unha masa consistente que se botará a culleradas nunha tixola cun pouco de aceite de oliva quente.

Observacións:

O licor pódese substituír por zume de froita.





MARMELO DE MAZÁ



Ingredientes:

- Mazás de Feás
- Medio quilo de limóns
- Unha póla de canela
- 220 gramos de azucre

Autor: Ismael

Preparación:

Pelamos as mazás e cortámolas en anacos. Poñémolos nunha cazola de barro e regámoslos co zume dos dous limóns.

Engadimos o azucre por encima, cubríndoo todo, e a póla de canela.

Cocemos a lume lento ata que a mazá estea moi tenra. Nese momento quitamos a póla de canela e pasamos todo polo batedor.

Seguimos cocendo para que a mestura tome corpo e espesor.

Cando estea suficientemente espesa, botámola nun recipiente que deixaremos tapado a temperatura ambiente.

Finalmente, cando arrefrie metémola na neveira para que acabe de callar o marmelo.

PAN DE NOCES



Ingredientes:

- 250 g de fariña de forza
- 100 g de fariña integral de trigo
- 50 g de azúcre
- Un sobre de lévedo en po
- Un ovo
- Un vaso de leite
- 20 g de manteiga en pomada
- 100 g de uvas pasas
- 100 g de noces

Autora: Saray Fraguela Fernández

Preparación:

Poñemos a quentar o forno a 160°C.

Nun recipiente mesturamos cunha culler de pau os 250 g de fariña de forza e os 100g de fariña integral.

Dispoñémola en forma de volcán e engadimos no centro o azucre, o lévedo, o ovo e o vaso de leite.

Integramos ben todos os ingredientes remexendo coa culler. Non é preciso amasar coas mans.

Engadimos as noces e as pasas e mesturamos con suavidade.

Vertemos a masa nun molde untado con manteiga e metémolo no forno durante 45 minutos a 160°.





Semana da tradición.

REMEXENDO NO PASADO



Con motivo da Semana da Tradición organizamos no colexio unha exposición titulada **Remexendo no pasado**; a través dela pretendemos coñecer un pouco mellor as nosas raíces e a nosa historia. Seguramente todos nós temos gardados no faiado da nosa casa obxectos que nos transportan a tempos antigos e nos dan pistas de como puido ser a vida dos nosos antepasados; non obstante, en moitas ocasións resultan tan estraños que espertan a nosa curiosidade. Realizamos entón con todos eles unha tarefa de investigación por grupos para pescudar o seu nome e para que se usaba.



A continuación transcribimos o traballo realizado polo alumnado.





MAQUINA DE FACER CHOURIZOS



Alumnado de 4ª

Descrición:

Tamaño: Mediano

Forma: Máquina metálica cunha entrada en forma de campá, dúas patas, unha manivela e uns buratiños.

Cor e materiais de que está feito: É metálica e prateada.

Para que se utilizaba? Para picar carne e convertela, xunto con outros ingredientes en chourizos.

ARADO ROMANO

Descrición:

Tamaño: aproximadamente dous metros.

Forma: alongada, pola parte traseira está a rella e pola dianteira o timón.

Cor e materiais de que está feito: Os primeiros eran totalmente de madeira, posteriormente xa se fixo a rella de ferro.

Para que se utilizaba? Usábase para labrar a terra.



Alumnado 6ªB

PROXECTOR



Alumnado de 3ªA

Descrición:

Tamaño: mediano

Forma: rectangular

Cor e materiais de que está feito: é de metal gris con cable eléctrico antigo.

Para que se utilizaba? Para proxectar diapositivas.





DEVANDOIRA



Alumnado 5ºB e 5ºA

Descrición:

Tamaño: 65 cm de alto e de ancho 55 cm

Forma: Ten base rectangular e varias pezas circulares que rodan sobre un eixo para enrolar o fio

Cor e materiais de que está feito: é de madeira vernizada de cor marrón

Para que se utilizaba? Usábana as tecedoras para pór a la en madeixas e nobelos.

FERRO



Alumnado Educación Infantil 5 anos

Descrición:

Tamaño: É pequena

Forma: A base ten forma circular ten unha asa e unha pequena cheminea por onde sae o fume do carbón.

Cor e materiais de que está feito: É de cor negra e marrón. Está feita de madeira e ferro.

Para que se utilizaba? Era usada para quitar as engurras da roupa.

RASPA



Alumnado 5ºB e 3ºA

Descrición:

Tamaño: mide 30 cm de longo e 15 cm da coitela

Forma: Ten forma de media lúa e un mango de madeira para manexala.

Cor e materiais de que está feito: É de cor prateada e está feita de ferro cun mango de madeira.

Para que se utilizaba? Utilizábao a xente que se adicaba ao marisqueo para coller os berberechos ou outros bivalvos.





PENEIRA



Alumnado 6ºB

Descrición:

Tamaño: Depende da súa utilización pero esta pode ter uns 30 cm de diámetro.

Forma: circular, formada por unha caixa de madeira cunha rede de metal ou malla no fondo.

Cor e materiais de que está feito: de madeira e metal

Para que se utilizaba? Para separar as partículas de distinto grosor que hai na fariña. Usábase nas panaderías e nas casas nas que se facía pan ou doces.

BIGORNIA



Alumnado 5ºA

Descrición:

Tamaño: 50 cm de alto e 17 de ancho

Forma: Un anaco de madeira cun anaco de ferro encima con forma de sola de zapato.

Cor e materiais de que está feito: está feito de madeira e ferro. É de cor marrón claro.

Para que se utilizaba? Usábano os zapateiros para amañar os zapatos.

PORRÓN



Alumnado 6ºA

Descrición:

Tamaño: O tamaño é variable pero non acostuma a pasar de 30 cm de diámetro.

Forma: Ten forma de botella que aumenta progresivamente de volume cara a arriba, ten unha boquiña estreita acabada en punta por onde se bebe, outra máis ancha para enchelo e unha asa para sostelo mentres se utiliza.

Cor e materiais de que está feito: A súa cor habitual é marrón e pode estar feito de arxila ou cristal.

Para que se utilizaba? Usábase para conservar a auga fresca nas antigas casas galegas.



CARABEL OU CARABELO



Educación Infantil 3anos.

Descrición:

Tamaño: 24 x 32 x 33 cm

Forma: Cadrada

Cor e materiais de que está feito: vimbio

Para que se utilizaba? Para levar a comida. En Cariño, os mariñeiros levaban a cea ou almorzo para o barco.

CENCERRO



Alumnado de 3ª

Descrición:

Tamaño: é pequeno, duns 10 cm de alto.

Forma: Ten forma de campá. Ten un ferro dentro, denominado badalo, que se move

Cor e materiais de que está feito: de metal negro.

Para que se utilizaba? Os gandeiros usábana para saber onde estaban as vacas en todo momento.

FERRADURA



Alumnado de 6ª

Descrición:

Tamaño: Entre 10 e 15 cm

Forma: Ten forma de u

Cor e materiais de que está feito: Ten cor metalizada e está feita de ferro.

Para que se utilizaba? Para evitar o desgaste e a rotura dos cascos dalgúns animais como os cabalos.





PESA ROMANA



Alumnado de 6ºB

Descrición:

Tamaño: Mide entre 38 cm e un metro, segundo o obxecto que queiramos pesar.

Forma: Ten forma alongada e está composto por unha panca de barras moi desiguais.

Cor e materiais de que está feito: É de metal e na actualidade é de cor prata.

Para que se utilizaba? Usárona os romanos na Roma Antiga ata mediados do século XX para pesar. A partires destas datas o seu uso quedou limitado a zonas rurais pouco desenvolvidas.

ZOCAS



Alumnado de 6ºA

Descrición:

Tamaño: Depende dos pés das persoas.

Forma: Teñen forma de barca con tacón.

Cor e materiais de que está feito: Cor clara e de madeira de bidueiro.

Para que se utilizaba? Utilizábana os traballadores do campo para protexerse do frío e auga.

MUIÑO DE CAFÉ



Alumnado de Educación Infantil 4 anos.

Descrición:


Tamaño: 15 x 15 x 15 cm

Forma: Cadrada cunha manivela para xirar e moer e un caixón para recoller o café.

Cor e materiais de que está feito: Está feito de madeira e ferro.

Para que se utilizaba? Usábase para moer café.

CANDEIRO



Alumnado de 1ºB

Descrición:

Tamaño: 20 cm de alto.

Forma: Alongada e retorneada cun burato no medio

Cor e materiais de que está feito: Está feito de ferro ou bronce.

Para que se utilizaba? Usábase para soste unha vela.





FOL



Alumnado 4ª

Descrición:

Tamaño: mediano.

Forma: de gota de auga, ovalado e con varias pezas.

Cor e materiais de que está feito: é de coiro e de madeira. A súa cor é marrón.

Para que se utilizaba? Usábase para avivar o lume, pois presionándoo saía aire expulsado a través dun bico para que o lume non se apagara.

BOTELLA ATRAPA MOSCAS



Alumnado de 1ª

Descrición:

Tamaño: mediano, menos de medio brazo.

Forma: Circular e rectangular por riba. É unha botella especial.

Cor e materiais de que está feito: Cristal transparente, tapón de cortiza.

Para que se utilizaba? Usábase nas casas para matar moscas e outros insectos.

TASTARABÁS, TRÉCOLA, RELO



Alumnado 4ª

Descrición: instrumento que ao facelo xirar emite sons secos e fortes.

Tamaño: pequeno

Forma: rectangular, cunha roda dentada e unha manivela.

Cor e materiais de que está feito: é de madeira e de cor marrón.

Para que se utilizaba? Utilizábano os nenos e nenas para escorrentar os paxaros e os sacristáns para chamar a xente á misa en Semana Santa en substitución das campás prohibidas.





Semana da tradición.

Xogos tradicionais.

O 12 de novembro foi un día moi especial no colexio, por dous motivos: a celebración da festa dos xogos tradicionais e o magosto.

Todos o pasamos xenial xogando aos birlos, o pato choco, zapatiño quieto é, o brilé, as chaves de madeira, os zancos, a mariola, o pano, a corda e a goma.

Nalgúns destes xogos había uns monitores moi especiais, o alumnado de 6º curso. Grazas á súa colaboración e axuda puidemos levar a cabo con éxito esta actividade que tiña como obxectivo fundamental a diversión fronte á competición.





Semana da tradición.

Magosto

Despois dos xogos todos e todas merecíamos unha boa recompensa; e que mellor para repoñer forzas que unhas deliciosas castañas asadas no propio recinto escolar e un exquisito zume!



Temos que dar as grazas aos nosos asadores de castañas particulares, Tono e Juan, e un recordo moi especial para Martín que outros anos tamén se encargou de preparar este soboroso froito de outono para nós.

Preparamos na clase plástica uns xeitosos recipientes para introducir as castañas e decoramos os corredores con produto estrela desta festa, mirade que bonito nos quedou todo!





Biblioteca

O inicio deste novo curso 2015/2016 estivo cheo de traballo para Multileo e os seus colaboradores, xa que despois de solicitálo durante varios anos por fin conseguimos ampliar o espazo da biblioteca coa apertura dun arco que comunica dúas aulas. Así, a partir de agora poderemos ter dous espazos diferenciados: un para o alumnado de primaria e outro (que aínda estamos preparando) máis comfortable e diáfano para o disfrute do alumnado de Educación Infantil.

Durante o mes de setembro o equipo da biblioteca dedicouse a recolocar o espazo da biblioteca destinado ao alumnado de primaria e unha vez listo, realizáronse visitas con todos os grupos para explicarlles a nova distribución, recordarlles as normas de funcionamento e elaborar un garda sitios que lles facilite a búsqueda de fondos e a súa posterior colocación. Aquí tedes unha pequena mostra.




A biblioteca abriu no mes de outubro e para o seu correcto funcionamento contamos con alumnado colaborador de 4º, 5º e 6º de educación primaria que vai rotando semanalmente. Os turnos establécense de forma aleatoria e toda a comunidade escolar pode saber quen é o alumnado responsable cada semana gracias ao cartel informativo.

O 24 de outubro celébrase o Día das Bibliotecas. Ao igual que en anos anteriores participamos nunha proposta da biblioteca do Concello. Todos os nenos e nenas de 1º e 2º de primaria realizaron un debuxo relacionado coas bibliotecas e de todos eles elixiuse un que serviu como modelo para elaborar marcapáxinas/calendarios da biblioteca do Concello de Cariño. O debuxo gañador foi o de Andrea Pérez Berrio, de 2º de primaria. Noraboa!!!



Seguindo coa celebración do Día das Bibliotecas, dende a biblioteca organizamos un xogo de pistas para que o alumnado aprenda a desenvolverse mellor no espazo da biblioteca: código de cores, CDU, ubicación dos fondos nos diferentes andeis... Por diferentes causas non se puido realizar con todos os grupos pero aquí vos deixamos unha pequena mostra da actividade con unha parte do alumnado.



Para finalizar coa celebración do Días das Bibliotecas os alumnos e alumnas de 4º de primaria realizaron unha lectura dramatizada do conto *Corre Corre Cabaciña* destinada ao alumnado de Educación Infantil e primeiro de primaria. Todos xuntos pasamos un bo rato xa que fixeron un traballo estupendo. Noraboall!!



Durante estes meses fixéronse na biblioteca moitos préstamos: O máis solicitado continúan sendo as tablets e os miniportátiles, seguidos das películas e finalmente dos libros. A continuación expoñemos o "ranking" dos libros e películas máis emprestados.

LIBROS	PELÍCULAS
1.- <i>Como entrenar a tu dragón</i>	1.- <i>Harry Potter y la Cámara Secreta</i>
2.- <i>El galeón de los gatos piratas</i>	2.- <i>Spirit</i>
3.- <i>Os Bolechas. O corpo humano</i>	3.- <i>Garfield</i>
4.- <i>El misterioso manuscrito de Nostrarratus.</i>	4.- <i>Spiderman 2</i>

En canto á visita dos usuarios temos que dar a noraboia e facer un agradecemento especial á clase de 1ºA xa que nos contou Multileo que van á biblioteca semanalmente acompañados da súa titora. Moitas grazas e seguíde así!

Finalmente agradecer tamén de forma individual aos mellores lectores e usuarios da biblioteca de cada nivel.

1º PRIMARIA: Nahia e Unai

2º PRIMARIA: Lara

3º PRIMARIA: Luis

4º PRIMARIA: Yeray, Sandra, David Villar e Eric

5º PRIMARIA: Jesica

6º PRIMARIA: Andrea Breijo

Moitas grazas a todos. Dende a biblioteca seguiremos traballando para mellorar e que toda a comunidade escolar continúe disfrutando das posibilidades que ofrece un espazo destas características.

Bo Nadal e Feliz 2016!!!!





Visitas

UN SAÚDO MOI AGARIMOSO DENDE "O ESPIGONCIÑO" PARA...


MARY ELY, a profesora en prácticas que temos dende o día 23 de novembro na clase de 1º A.

Mary ten unha irmá que é alumna do centro (Mónica de 5ºB), pero ela non estudiou neste cole porque cando estaba en primaria vivían coa súa familia en Venezuela.

O seu pai é de Cariño e viñeron para aquí cando estaba en 3º de ESO.



Gústanos moito que estas na clase traballando con nós!!



Clase de de 1º A






Obradoiro

Pulseiras de chapa.


1

As pulseiras de chapa fanse con: chapas, fío de coser, botóns, cinta de raso decorada ou sen decorar e unha agulla.




2

Primeiro facemos un nó na cinta de raso de forma que quede un bucle, despois imos enlazando as chapas coa cinta, de abaixo a arriba. Seguimos co mesmo proceso ata chegar ao largo da túa moneca. Para terminar cosemos o botón.




3

Tamén se poden facer pulseiras con outros materiais, por exemplo ramiñas de árbores, flores, boliñas e incluso con cartón.



4

Estas pulseiras son unha manualidade moi bonita e sinxela de facer.



Elisa Díaz, 5ª






Pasatempos

Colorea a obra de Arcimboldo segundo a cor de cada peza...

Peras, mazás, allos, cebolas, pementos, uvas, piña, landras, kiwis, pexegos, cogombros, berenxenas, olivas, champiñóns, ourizos de castaña, améndoas, cereixas...



Alumnas e alumnos de 1ºA





Remexendo no pasado...



Atopa os 10 obxectos agochados.

Se queres saber como son vai á páxina 38.


Y	G	Z	R	Q	B	T	A	Q	Z	F	Z	O	C	A	T
N	S	N	X	Z	H	F	B	M	V	U	E	X	T	A	B
C	A	R	A	B	E	L	P	A	M	T	X	R	E	Y	S
X	D	A	D	Z	M	P	T	P	A	T	C	R	R	N	Q
Y	G	F	O	T	H	U	S	R	P	L	R	G	V	O	G
E	B	G	Q	V	P	R	Y	B	I	C	F	R	G	U	E
N	D	L	D	B	T	B	I	G	O	R	N	I	A	H	X
T	L	C	F	E	R	R	A	D	U	R	A	T	Y	F	X
O	C	E	N	C	E	R	R	O	E	I	R	X	N	N	Y
P	Ñ	N	A	B	N	A	S	B	E	A	Ñ	X	X	I	R
X	B	Q	A	Z	O	F	X	C	Z	G	V	O	D	E	A
Z	Ñ	X	P	X	G	C	B	P	O	R	R	Ó	N	I	S
R	C	U	L	P	E	N	E	I	R	A	L	Y	C	P	P
U	Y	R	Z	P	P	S	Q	M	X	R	Q	D	F	O	A
C	E	U	O	I	Y	Q	X	O	Y	Y	B	I	D	G	L
T	A	S	T	A	R	A	B	Á	S	G	A	Ñ	E	T	A



- BIGORNIA
- CARABEL
- CENCERRO
- FERRADURA
- FERRO
- PENEIRA
- PORRON
- RASPA
- TASTARABAS
- ZOCA




Labirinto...



Entra por aquí



e sal por aquí





PALABRAS AGOCHADAS

Tendo en conta a correspondencia dos símbolos coas letras, descifra os versos dun poema de Manuel María.

%	χ	δ	φ	♥	↔	♣	≠	⊗	∅	⊆	∇	∏	∑	∞	≈	π	ψ	±	•	↓	□	Ω	&
A	B	C	D	E	F	G	H	I	K	L	M	N	Ñ	O	P	Q	R	S	T	U	V	X	Z

■
Separación de palabras

♣	%	⊆	⊗	&	%	■	±	∞	∇	∞	±	■	∏	∞	±
						■						■			

%	■	Ω	♥	∏	•	♥	■	♥	■	∇	%	⊗	±	■	%	■	↔	%	⊆	%	
	■					■		■						■		■					

±	♥	■	χ	↓	±	δ	%	±	■	%	■	♣	%	⊆	⊗	&	%	
		■							■		■							

♥	∏	■	•	⊗	■	•	♥	±	■	π	↓	♥	■	%	•	∞	≈	%	⊆	%	
		■			■				■				■								

ADIVIÑAS


Sen traballar teño cuartos,
sen morrer son nova ou
vella,
e sen comer carne ou caldo
moitas veces estou chea



Por un carreiriño
moi mal empedrado,
ando e non me mollo
e sempre vou mollado.



O ESPIGONCIÑO



O ESPIGONCIÑO



Subvencionado pola
Consellería de Educación e O.U.
Secretaría Xeral de Política lingüística

